



Resolución do 26 de setembro de 2019 pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso de selección para a cobertura do posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do Programa Oportunus.

Por Resolución do 19 de xullo de 2019 (DOG núm. 141, do 26 de xullo) anunciouse a convocatoria para a cobertura do posto persoal investigador distinguido para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación, no marco do Programa Oportunus.

O artigo 8 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para a cobertura do posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunus- ás seguintes persoas:

Tribunal titular:

Presidencia:

Fernando Dominguez Puente, catedrático de Fisioloxía da Universidade de Santiago de Compostela e director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

Vogais:

Xosé Ramón García Bustelo, científico titular do Consello Superior de Investigacións Científicas e presidente da Asociación Española de Investigación sobre o Cancro.

África González Fernández, catedrática de Inmunoloxía e directora do Centro de Investigacións Biomédicas da Universidade de Vigo

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

En Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

